



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE
Augas de Galicia

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 545 381. Fax 981 541 676
augasdegalicia@xunta.gal
<https://augasdegalicia.xunta.gal>



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vilarmajor para solventar problemas de abastecemento no Concello de Vilarmajor

1 Antecedentes

Nos últimos tempos no Concello de Vilarmajor estanse a producir graves problemas de abastecemento de auga nas parroquias de Doroña, Goimil, Torres, Vilamateo e Vilarmajor, debido a un incremento dos aboados á rede de subministro e ás escasas precipitacións dos últimos anos. As captacións e pozos dos que dispón o concello non permiten garantir a curto prazo a demanda de auga dos veciños.

O Concello para intentar solucionar estes problemas instalou válvulas redutoras de presión para reducir o consumo e realizou campañas de busca de fugas na rede. Pero estas medidas non foron suficientes para solucionar o problemas e mesmo no mes de agosto de 2019 tivo que prohibir aos veciños, mediante bando, o uso do abastecemento municipal para determinadas actividades (rego, baldeos, piscinas, lavado de vehículos).

O concello ten solicitado á Xunta de Galicia apoio para poder solucionar os problemas de abastecemento no prazo de tempo máis breve posible.

O 12.05.2020 a presidenta de Augas de Galicia acordou iniciar a tramitación do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vilarmajor para solventar problemas de abastecemento no Concello de Vilarmajor, xa que a súa tramitación resulta esencial para o funcionamento básico dos servizos para os efectos do disposto na disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19.

2. Obxectivos que se pretenden

Preténdese solucionar os problemas de abastecemento de auga aos veciños coa construción dunha nova estación de bombeo de augas profundas que permitirá acadar un incremento na captación das augas.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE
Augas de Galicia

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 545 381. Fax 981 541 676
augasdegalicia@xunta.gal
<https://augasdegalicia.xunta.gal>



Así, é obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Vilarmaior que permitan acometer polo concello e incorporar ao patrimonio público municipal as obras necesarias para solventar problemas de abastecemento no Concello de Vilarmaior, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrência

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento e o saneamento ten por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación; e contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento e saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concurrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE

INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Augas de Galicia

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 545 381. Fax 981 541 676
augasdeg Galicia@xunta.gal
<https://augasdeg Galicia.xunta.gal>



constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia

4 Estimación de custos e financiamento

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascenden a trinta e dous mil catrocentos nove euros con oitenta e cinco céntimos (32.409,85 €), que financiará Augas de Galicia con cargo á conta 6566 “Subvencións de capital a corporacións locais” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo á anualidade 2020.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

(documento asinado dixitalmente)



Xacobeo 2021

